

## **AER ANIMA Á VECIÑANA A EXERCER O SEU DEREITO DE PARTICIPAR NA ELABORACIÓN DO FUTURO PXOM**



Sendo conscientes que a elaboración do futuro PXOM de Redondela debe ser o máis participativo posible e contar coas ideas e propostas da veciñanza, a Agrupación de Electores de Redondela (AER) propuxo que nesta fase na que se está traballando sobre os documentos iniciais se abra un período de participación aberto. Aceptouse a proposta e a empresa redactora abriu un proceso de recepción de propostas e de aportacións sobre o Borrador do PXOM e máis sobre o Documento Inicial Estratéxico que vai do 13 de outubro ao 3 de novembro.

Así pois AER, do mesmo xeito que pode realizar calquera veciño do concello, veén de proceder a realizar unha batería de achegas ao PXOM a través das canles habilitadas a tal efecto. As achegas baséanse en propostas sobre o futuro modelo de concello que AER levala de xeito explícito no seu programa electoral, e como tales foron refrendadas por parte da veciñanza no pasado proceso electoral. Estas abarcan cuestións tan dispares como a protección das canles fluviais, da servidume de costas, a avaliación do modelo e localización da EDAR, a potenciación e planificación de sendas verdes, localización de futuros puntos limpos, protexer e identificar correctamente o diferente patrimonio material, contemplar localizacións para escolas infantís e centros de día ou respectar a toponimia local na cartografía que se elabore.

Dende a Agrupación de Electores anímase á veciñanza, tanto a nivel individual como a que se atopa organizada en colectivos, a que fagan achegas do modelo futuro que desexan para o noso concello, tanto a nivel xeral como centrándose nas peculiaridades de cada parroquia.

Redondela, 16 de outubro de 2015